

MIGUEL PERNAS

LUMA GÓMEZ

EN

ÚLTIMO COWBOY

DE EDUARDO ALONSO



Teatro do Noroeste

Chiripa Produccións

ÚLTIMO COWBOY

de Eduardo Alonso

ELENCO
HOME
MULLER

Miguel Pernas
Luma Gómez

ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO

Equipo Taetro

MAQUILLAXE

Dolores Centeno

SELECCIÓN MUSICAL

Brais Morán

SERVIZO TÉCNICO

RTA
(Recursos Técnicos Artísticos)

FOTOGRAFÍA

Tino Viz (Margen Fotografía)

PRODUCCIÓN

Eva Alonso

AXUDANTE DE DIRECCIÓN

Imma António

TEXTO, DIRECCIÓN E ILIMINACIÓN

Eduardo Alonso

Quería escribir un texto sobre a crise que nos desfonda economicamente, sobre os bancos que nos chuchan os cartos, sobre Europa e a súa improbable construción, tamén sobre a soidade do individuo neste mundo globalizado e sobre os valores que nos inculcaron os nosos maiores e que agora xa non teñen vixencia... e saíu “Último cowboy”.

A referencia norteamericana non podía faltar co seu universo de celuloide e imperia- lismo, coa súa intromisión e responsabilidade nesta situación que nos afoga, pero a xe- ración que puxo as cousas onde están non cultivou o seu imaxinario nos programas de televisión, nin moito menos nos videoxogos, cultivouno nas novelas de vaqueiros. Estas noveliñas, lidas ás agochadas en internados e recreos de colexios confesionais foron os libros de cabeceira que consolidaron conceptos como o valor, a amizade, o honor, o sen- tido da vida e algunhas outras cuestións máis. Pero tampouco hai que conceder excesiva importancia ás influencias das lecturas, a complexidade do ser humano maniféstase en múltiples direccións.

En “Último cowboy” enfróntanse dúas Europas, a Vella e a do Este, expoñéndose con precisión as importantes diferenzas que as separan pero constatando que terán que aliarse en harmónica conxunción se queren manterse á altura do “amigo americano”

“Último cowboy” é tamén unha comedia aceda sobre as relacións familiares. A abso- luta posta en cuestión da familia como célula fundamental do noso instinto social. Se a familia é a unidade unicelular da nosa sociedade, non se pode agardar moito dun corpo composto por células canceríxenas.

Pero, sobre todo, “Último cowboy” é un texto teatral de personaxes ou, dito doutro xeito, de actores. As dúas personaxes que nel aparecen, amais dos varios que sen apa- recer fisicamente, están; constitúen a esencia mesma da propia proposta. Soamente xente singular pode aportar singulares visións e, do mesmo xeito, só personaxes singu- lares poden expresar con rotundidade e contundencia a singularidade desta caótica de- riva da nosa sociedade. En definitiva, “Último cowboy” tenta ser un espectáculo en clave de comedia aceda sobre a nosa realidade máis complexa e inmediata.

MIGUEL PERNAS



Un dos actores emblemáticos do movemente teatral galego, comezou a súa carreira profesional en 1979 participando en diversas compañías como: Escola Dramática Galega, Compañía Luís Seoane, Teatro do Atlántico, Teatro do Noroeste, Producións Librescena e, por suposto, no Centro Dramático Galego. Protagonista en moitos dos seus traballos, foi Edipo en Edipo Rei, Fausto en Fausto, Oberón en Un soño de verán ou o ciumento mouro en Otelu. Outras interpretacións destacadas foron: As tres irmás, As alegres Casadas, Valle Inclán 98, Cyrano de Bergérac, Calígula, A Morte e a Doncela, Os Espectros, Ricardo III, Seis Personaxes á procura de autor e A Nona. Foi nominado como mellor actor protagonista nos Premios María Casares por Cyrano de Bergérac e por A Morte e a Doncela. Amais de en teatro, ten traballado en cine, televisión e na dobraxe. Xunta ao seu labor como actor o de tradutor e adaptador de textos para todos estes medios.

LUMA GÓMEZ

Actriz cunha longa e prolífica carreira profesional. Traballou en diversas compañías teatrais, así como en múltiples montaxes do Centro Dramático Galego en papeis protagonistas. Fixo importantes traballos cinematográficos. Como actriz de televisión realizou, entre outras, series como: Servizo de urxencias ou Celia. Como actriz de cine realizou traballos como: coprotagonista no papel de Marica da Fame na película El bosque animado, protagonista no papel de Urxa na película Urxa. Como actriz de teatro interveu en máis de corenta espectáculos teatrais, entre outros, nos seguintes: O enfermo imaxinario, Medea, As alegres casadas, Os xustos e Un soño de verán, Ligazón, Las galas del difunto, Alta comedia, As damas de Ferro, Ensaio, Imperial: Café cantante. Vigo 1936, Romeo e Xulieta, Extrarradios (Comedia das mulleres desamparadas), Glass City (Cidade de Cristal) ou Historias Peregrinas. Como directora dirixiu: Flasback Compostela e Confesión de Teatro do Noroeste.



DOLORES CENTENO



Maquilladora en Televisión de Galicia 1988-2009, realizando maquillaxes para Informativos, musicais e dramatizacións. Opera: "El Gallo de los Nibelungos" Auditorio de Galicia-Santiago. Teatro: "Pedro y el Capitán" texto Mario Benedetti para Amnistía Internacional. Para Centro Dramático Galego: "Un Soño de Verán", "A Lagarada" (1992), "Hostia", "Como en Irlanda" (1996), "Lisistrata" (1997), "Lugar" (1999), "A Cacatúa Verde" (2001), "Daquel Abrente" (2003), "O Ano do Cometa", "As Laranxas mais Laranxas..." (2004), "Un Personaxe a Procura de Autor", "Tarará Chis-Pum", "A Piragua" (2007), "Noite de Reis" (2007) "A boa persoa de Sezuán", "Estigma" (2008). Para outras compañías: "Final de película" (Ancora producións), "Extrarradios" (Teatro do Noroeste). "Hardo" (curtametraxe), "La Matanza Caníbal" de Antonio Blanco (película), spot para feira Vino de Monterrey (publicidade). "Ordo Prophetarum" Francisco Luengo, Xacobeo 2004 (dramatización). Premio María Casares ao mellor maquillaxe por "As Laranxas" (2004)

BRAIS MORÁN

Licenciado en Historia da Arte, realizou estudos de Grao Medio no Conservatorio Estatal Superior de Música de A Coruña. Foi músico e actor para o espectáculo Palabras con ecos do sur, recital de danza, teatro e poesía con Manuel Rivas, Gonzalo Uriarte e Lino Braxe. Realizou a composición musical para Haikus do Espectáculo O Ouro das Tribus (Galería Atlántica), A Coruña. Foi músico e guitarrista de directo en Daquel abrente que inclúe: Laudamuco, señor de ningures de Roberto Vidal Bolaño, e O velorio de Francisco Taxes, para o Centro Dramático Galeo. Forma parte do grupo Poético - Musical A Caricia da Serpe de A Coruña como guitarrista e cantante e da banda musical Loretta Martin. Foi encargado dos ambientes musicais e efectos sonoros das bandas sonoras dos seguintes espectáculos teatrais: Confesión, de Eduardo Alonso, para Teatro do Noroeste; Medidas Preventivas, de Gustavo Pernas, para Ancora Produccións; Romeo e Xulieta, de W.Shakespeare e adaptación de Eduardo Alonso e Extrarradios (Comedia das mulleres desamparadas), de Eduardo Alonso, as dúas para Teatro do Noroeste e Tempo en desuso, de Olga Patiño e Cronicaragua (performance solidaria), para Ancora Produccións.



IMMA ANTÓNIO



Destacada profesional das Artes Escénicas, colaborou coas seguintes compañías: Compañía Luís Seoane, Teatro do Noroeste, Producións Librescena, Teatro do Morcego e Centro Dramático Galego. Traballando en numerosos espectáculos teatrais como, entre outros, en: Tagen Ata, Un Soño de Verán, Galileo Galilei, As Vodas de Fígaro, Macbeth, Noite de Reis, Valle Inclán 98, Otelu, A Morte e a Doncela, As Obras Completas de Will Shakespeare (Abreviadas), Os Cárceres do Olvido, Imperial: Café cantante. Vigo 1936, O Club da Calceta. Foi nominada como Mellor Actriz Protagonista nos Premios María Casares no ano 2001 por Otelu e no 2002 por A Morte e a Doncela. Actriz de dobraxe, escenógrafa e deseñadora de vestiario para teatro, ópera e televisión e, tamén, dramaturga, guionista e tradutora / adaptadora para diferentes medios. Foi axudante de dirección de Manuel Guede en O Colaborador e Ricardo III, e de Xúlio Lago en Seis personaxes na procura de autor, todas elas no Centro Dramático Galego. Ten publicadas diversas obras de narrativa e sobre todo de teatro. Premio Nacional de Poesía O Facho, Premio Teatro Breve de Escola Dramática Galega, Premio Edral de Contos de Terror, Premio Biblioteca do Arlequín de Editorial Sotelo Blanco, Premio Rafael Dieste de Teatro da Deputación de A Coruña.

Realizou os seguintes cursos: de ética e estética do protocolo na Universidade Menéndez Pelayo; de taller de estratexias de xestión de públicos organizado pola Rede Española de Teatros, Auditorios e Circuitos de titularidade pública; de produción de espectáculos en Editrain; de produción organizado polo Centro Coreográfico Galego; de Xestión de subvencións organizado pola Deputación de A Coruña; de produción organizado pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia; de Xestión, Produción e Distribución de espectáculos organizado pola Fundación Autor; e de Deseño de produción en cine organizado pola fundación Autor. Foi axudante de dirección e produción en espectáculos das compañías Teatro do Noroeste, Sala Yago e Lagarta, Lagarta. Realizou a produción dos seguintes espectáculos teatrais: Imperial café cantante: Vigo 1936, e que recibiu cinco premios María Casares; de Romeo e Xulieta; de Extrarradios (comedia das mulleres desamparadas), Glass City (Cidade de Cristal), Historias Peregrinas, os catro producidos por Teatro do Noroeste.



EDUARDO ALONSO



Autor, adaptador e, sobre todo, director teatral. Comezou a súa actividade teatral en 1965, sendo cofundador de diversas compañías teatrais. En 1984 recibiu o premio I Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, concedido á persoa que destacase polo seu labor especial a prol do teatro galego, por ter posto en marcha o Centro Dramático Galego e ser o seu primeiro director. Recibiu o Premio Compostela na súa edición de 1992 á mellor iluminación teatral por Os xustos, de Albert Camus e dirección propia. Recibiu o Premio María Casares, na súa edición de 1997, á mellor iluminación teatral por Noite de Reis, de William Shakespeare e dirección propia e de 2007 pola iluminación e o texto de Imperial: Café cantante. Vigo 1936, obra con dirección propia. Recibiu o premio MAX na súa edición 2009 polo texto de Extrarradios (Comedia das mulleres desamparadas). Como director de teatro realizou máis de cincuenta montaxes de obras de teatro, entre elas Celtas sen filtro, Os vellos non deben namorarse, O enfermo imaxinario, As alegres casadas, Rei Lear, Un soño de verán, A grande noite de Fiz, Galileo Galilei, Macbeth, Lisistrata, El embrujado, A Cacatúa verde, As damas de Ferrol, Ensaio, Romeo e Xulieta, Extrarradios (Comedia das mulleres desamparadas), Glass City (Cidade de Cristal) ou Historias Peregrinas.

TEATRO DO NOROESTE

Compañía creada por Luma Gómez e Eduardo Alonso, profesionais cunha dilatada experiencia teatral, que comezou a súa actividade en 1987. Ten realizado montaxes de textos clásicos como MEDEA de Eurípides, REI LEAR, MACBETH ou NOITE DE REIS de William Shakespeare; e de autores contemporáneos, basicamente galegos, coma UNHA ROSA É UNHA ROSA de Suso de Toro, A GRANDE NOITE DE FIZ de Miguel Anxo Murado ou CAMPO SUR de Lino Braxe, entre outros.

Un dos seus anteriores espectáculos producidos, o musical IMPERIAL CAFE CANTANTE. VIGO 1936 de Eduardo Alonso, montaxe que recibiu os premios María Casares ao Mellor Texto, Mellor Escenografía, Mellor Vestiario, Mellor Música e Mellor Iluminación.

ÚLTIMOS ESPECTÁCULOS:

- O PAÍS ACUÁTICO (INFANTIL) de Eduardo Alonso. Foi estreada no Auditorio Municipal de Ribadeo (Lugo), o día 31 de outubro de 2.000.
- ALTA COMEDIA, de Eduardo Alonso. Foi estreada no Auditorio del Centro Torrente Ballester de Ferrol (A Coruña), o día 25 de outubro de 2.001.
- CAMPO SUR, de Lino Braxe. Foi estreada na Igrexa da Magdalena, no Festival Internacional de Ribadavia (Ourense), o día 23 de xullo de 2.002.
- AS DAMAS DE FERROL, de Eduardo Alonso. Foi estreada no Auditorio del Centro Torrente Ballester de Ferrol (A Coruña), o día 17 de outubro de 2.002.
- ENSAIO, de Eduardo Alonso. Foi estreada en la Sala Yago de Santiago de Compostela, o día 4 de marzo de 2.004.
- A TIXOLA POLO MANGO (MULLER, NON É PARA TANTO), de Lola Correa. Foi estreada no Museo de Arte Contemporáneo de Vigo (Marco), o día 8 de marzo de 2.005.
- CONFESIÓN, de Eduardo Alonso. Foi estreada no Auditorio Torrente Ballester de Ferrol (A Coruña), o día 7 de abril de 2.005.
- A CASA DO PAI, de Carlos Álvarez-Ossorio. Foi estreada no Auditorio Torrente Ballester de Ferrol (A Coruña), o día 20 de outubro de 2.005.
- IMPERIAL: CAFÉ CANTANTE. VIGO 1936, de Eduardo Alonso. Foi estreada no Teatro Principal de Santiago de Compostela, o día 9 de outubro de 2.006.
- ROMEO E XULIETA, de William Shakespeare. Foi estreada no Teatro Principal de Santiago de Compostela, o día 29 de marzo de 2.007.
- EXTRARRADIOS (COMEDIA DAS MULLERES DESAMPARADAS), de Eduardo Alonso. Foi estreada no Teatro Principal de Santiago de Compostela, o día 16 de xaneiro de 2.008.
- GLASS CITY (CIDADE DE CRISTAL), de Eduardo Alonso. Foi estreada no Teatro Jofre de Ferrol (A Coruña), o día 24 de setembro de 2.009.
- HISTORIAS PEREGRINAS, de Miguel Anxo Murado. Foi estreada no Pazo da Cultura de Narón (A Coruña), o día 24 de setembro de 2.010.

Teatro do Noroeste

www.teatrodonoroeste.com
 correo@teatrodonoroeste.com
 Ameixenda - A Folgueira, s/n
 15870 AMES (A CORUÑA)
 Tfños.: 981 898731 - 629 814 297

